


HORARIO

Servizo de Empréstimo:

De luns a venres durante os períodos de lecer.

Ademáis consultade o horario de apertura na entrada e no blog da biblioteca.



- | | |
|----------------------------|---------------------------|
| 0. Xeralidades | 1. Filosofía |
| 2. Relixión | 3. Ciencias Sociais |
| 5. Ciencias | 7. Arte, Música, Deportes |
| 8. Literatura, Lingüística | |
| 9. Xeografía, Historia | |

VÉN Á BIBLIOTECA ANÍMATE A COÑECELA DISFRÚTAA

<http://biblioteca3p.blogspot.com>



IES David Buján
C A M B R E

I.E.S DAVID BUJÁN

Camiño dos cacharros, nº 1


15181 Cambre (A Coruña)

Teléfono: 981613146

Fax: 981613173

www.centros.edu.xunta.es/iesdavidbujan

I.E.S. DAVID BUJÁN
BIBLIOTECA
A3P



1. Normas xerais

Nunha biblioteca debemos gardar o maior silencio posible para non molestar ás persoas que están estudando ou lendo.

Manter en orde a biblioteca é unha cousa de todos así que cando marches non deixes papeis enriba da mesa, coloca ben a cadeira e leva os libros, xornais, revistas, etc. ó lugar onde estaban.

Non comas nin bebas na biblioteca. Ós libros, ordenadores, etc. non lles senta nada ben.

Nalgunhas ocasións, en ausencia do profesorado de garda, un alumno ou alumna quedará como responsable da biblioteca polo que deberás seguir as súas indicacións.



2. Servizos da biblioteca

Lectura e consulta en sala



Mentres esteas na biblioteca podes consultar os libros, revistas, etc. que queiras pero cando remates tes que deixalos no lugar onde estaban .

A medida que vaian chegando novos materiais á biblioteca irémoste informando, pero sempre poderás ver as as novas adquisicións no expositor de novidades.

Servizo de empréstimo

☺ Podes levar en empréstimo libros –agás as enciclopedias e os libros de consulta– e revistas –agás o último número–.

☺ Para poder levar libros e revistas para casa é necesario darllos ó profesor ou profesora de garda para que rexistre o préstamo. Cando os devolvas tamén llos debes dar ó profesor ou profesora que nese momento se ocupe da biblioteca.



☺ É obrigatorio presentar o carnet de estudante do centro.

☺ Podes ter os libros un máximo de 15 días. Pasado este tempo tes que devolvelos á biblioteca ou renovar o empréstimo por outros 15 días.

☺ Podes ter en empréstimo dous libros pero pensa nos demais e non leves o libro ata que o poidas ler.

☺ Si incumpres reiteradamente os prazos de devolución perderás o dereito a levar libros en empréstimo durante algún tempo.

☺ O deterioro ou perda de libros suporá a súa reposición ou abono en metálico.



Ordenadores



Podes empregalos para facer os teus traballos e consultar enciclopedias e outros documentos en CD-Rom (tempo máximo: 10 min. se hai outras persoas esperando).

Poderás consultar o catálogo da biblioteca en calquera ordenador.

A organización da biblioteca



Os libros están organizados por materias seguindo a Clasificación Decimal Universal (C.D.U.); en cada estante os libros colócanse por orde alfabética.

Unha parte dos libros xa levan no seu lombo unha etiqueta coma esta que che axudará a localizar o libro na biblioteca:

821.134

→ N° da CDU

ANE

→ Iniciais do apelido do autor

res

→ Iniciais do título

Esta etiqueta correspondería a un libro de Literatura en galego (CDU:821.134) O seu título é Resistencia, e foi escrito por Rosa **Aneiros** .